

# Galedusa



Revista do Colexio de Educadores Sociais de Galicia - Nº 4 • Prezo: 1,5 Euros



**Colexio de Educadores  
Sociais de Galicia**

Rúa Gómez Ulla, 7 - 3º  
15702 Santiago de Compostela  
(A Coruña)



[cesg@colexioeducadores.com](mailto:cesg@colexioeducadores.com)



[www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com)



981 55 22 06



981 93 82 74

*CESG non se fai responsable,  
nin ten por qué identificarse  
necesariamente coas opinións expresadas  
nesta publicación.*

*Fotografía interior contraportada: Xaquín Trevelez  
Fotografía páx. 4: Intuitives*

*Edita: Colexio de Educadores Sociais de Galicia*

Equipo de Elaboración  
da Revista

VOCALÍA DE  
COMUNICACIÓN DO CESG.

XUNTA DE GOBERNO DO CESG.

Ilustración portada


CALINA LAVANDEIRA

Ilustracións Interior

ÁNXELA PAZ RODRIGUEZ

Deseño e preimpresión

**CORMORÁN**  
publicacións e impresións



## *Galeduso* N° 4

EDITORIAL	3
INVESTIGACIÓN	4
DE ACTUALIDADE	9
PRÁCTICA PROFESIONAL	11
CESG INFORMA	14
IV CONGRESO ESTATAL DO/DA EDUCADOR/A SOCIAL	16
BARCO DE PAPEL	22
BUZÓN OPINABLE	23



Como ben todos e todas sabedes, a nova andadura do CIESG iniciouse cun desafío importante: a organización do IV Congreso Estatal do/a Educador/a Social.

Este é un obxectivo complexo e ilusionante no que, dende a Xunta de Goberno, estamos a poñer a nosas esperanzas, xa que consideramos que suporá un importante pulo para a profesión do/da educador/a social en Galicia, e a nosa proxección en todo o Estado.

Asedes (Asociación Estatal de Educadores Sociales) encargounos a organización desde acto en 2000, durante a celebración, en Barcelona, do III Congreso Estatal. E, dende entón, vimos este cometido como unha oportunidade para mostrar as boas prácticas da educación social en Galicia.

A temática desta edición xira arredor das políticas socioeducativas. Tema complexo, todo un reto.

Para desenvolver esta temática xeramos un programa científico moi atractivo, con relatores relevantes de distintos ámbitos da cultura, da educación e da política.

Ademais, articulamos diversos espazos de traballo: 10 grupos de traballo e 17 encontros por ámbitos, cos que se pretende dar cabida á discusión e ao diálogo, e que serán o motor para xerar un discurso propio e acadar conclusións relevantes.

Dende o CIESG animámosvos a todos a participar activamente no congreso. Porque é o congreso de todos. E máis aínda cando os galegos seremos os anfitrións dos educadores e educadoras de todo o Estado.

Queremos facer un bo congreso, ben organizado técnica e cientificamente, un congreso que se converta en referencia nas políticas socioeducativas.

A nosa asistencia é clave e a participación activa aínda máis. Os galegos temos moito que dicir.

Para facilitar a vosa participación contamos con cotas especiais para colexiados e ofrecemos bolsas con redución de ata o 50% para parados e do 20% para profesionais activos.

Non perdades a oportunidade de asistir ao congreso de referencia da educación social agora que o temos na casa.

Un saúdo.

M<sup>a</sup> José Fernández  
Vicepresidenta do CIESG



## ¿Que tipo de profesión é a educación social?

*José García Molina*  
*Universidade de Castilla-La Mancha*  
*[Tradución ao galego consentida polo autor]*

Cremos non andar faltos de razón se afirmamos que a educación social se foi consolidando nesta última década, e, polo menos, no que respecta ao Estado español, como unha máis entre as profesións sociais. Ao dicir isto deixo conscientemente de lado a controversia sobre se a educación social pode ser considerada unha verdadeira profesión, unha semiprofesión ou unha ocupación que se profesionaliza. E fágoo porque este tema foi tratado de forma fundamentada e

clara no último texto do profesor Juan Sáez Carreras.<sup>1</sup> Neste analízanse os procesos que seguiron as profesións no referente á consecución do dito status, á vez que se fai unha boa análise das principais variables que se deben contemplar no proceso de profesionalización dos educadores sociais.

Darei por sentado que, en calquera caso, a educación social é unha "nova profesión" ou unha profesión emerxente que se acha inmersa en pleno proceso de

profesionalización e que é esta situación particular a que marca a necesidade de situar, conceptualizar e dar forma ao que aparece como novo ou, cando menos, baixo unha configuración e racionalidade diferente ás que puido representar en momentos anteriores. E é que, aínda que hoxe en día se segue pensando e definindo a educación social dende unha lóxica que remite basicamente a unha determinada praxe social ou educativa (que recolle e agrupa as tradicións prácticas dos anteriormente denominados educadores especializados, animadores socioculturais e educadores de adultos), cabería pararse a pensar que, nestes últimos anos, asistimos ao xurdimento e consolidación dunha profesión. Non hai que esquecer, pois, que a educación social se fixo acreedora de novos significantes e significados e que estes ocupan un lugar preferente na construción desta **profesión social e educativa**. Por isto non está de máis lembrar, tal e como apuntou Sáez (2003), que a expresión educación social remite, como mínimo, a tres acepcións diferentes:

1. Unha titulación que xustifica uns plans de estudo universitarios que pretenden darlles unha formación adecuada e profesionalizante aos estudantes que decidiron converterse en educadores sociais.

2. Unha profesión que vai conformando a súa emergente perspectiva grazas a diferentes variables como: a aparición dunha formación universitaria, a creación de colexios profesionais que regulan a práctica profesional e representan aos seus profesionais, a monopolización de certos ámbitos de emprego, a xeneralización de certas políticas culturais e sociais nas que se lexitiman a súa utilidade pública, etc.

3. Un tipo de práctica social e educativa. É dicir, unha práctica educativa que non se vincula exclusivamente ao marco do sistema educativo e que abarca entre os seus obxectivos aqueles concernentes á socialización, integración social, promoción social e cultural, participación cidadá, desenvolvemento social, convivencia cívica, desenvolvemento do ocio, etc.

Non vou desenvolver neste breve espazo, que non ten máis intención que animar á reflexión e ao debate con respecto á racionalidade sobre a que estamos construíndo esta profesión, estas tres acepcións de educación social. Máis ben limitareime a apuntar algunhas cuestións de base que remiten a esta segunda acepción.

Como profesión social, a educación social parece encontrar o seu ordenamento en certos principios de **dereito e xustiza social** recoñecidos na nosa Constitución (Petrus, 2000; Sáez, 2003; García Molina, 2003a), así como do desenvolvemento de políticas sociais e culturais propias do estado de benestar (Caride, 2000). O dereito á educación e aos beneficios que dela se esperan, en tanto ferramenta ao servizo do desenvolvemento persoal e social da cidadanía, avalaría, por si mesmo, a existencia e pertinencia desta profesión. Esta perspectiva ampliase aínda máis se temos en conta que o sistema educativo escolar non parece suficiente para atender as múltiples esixencias, necesidades e demandas educativas xurdidas á luz das novas configuracións sociais, económicas e culturais. Como profesión educativa, a educación social deberá encontrar un dos principais eixes de profesionalización na **reflexión e construción discursiva da pedagogía social**, entendendo esta como campo de investigación e docencia que xera e ensina coñecementos e competencias propios de prácticas educativas acordes coas súas finalidades e pretensións culturais e sociais. Pero o que por lóxica parece evidente segue nos nosos días, na miña modesta opinión, na "conta dos asuntos pendentes de realización". Non obstante, non quero caer nesta ocasión nunha listaxe interminable na que dese conta de todo o que "a pedagogía social debería" ou "a educación social debe" æcamiño que nos limitaría a sinalar un trillado catálogo de deberes e retos pendentes nas dúasæ. O que pretendo someter á consideración do lector é unha intuición que me acompaña nos últimos tempos e que podería concretarse nunha **dobre hipótese**.

- En primeiro lugar: que a educación social se foi construíndo na demanda, e intento de monopolio, dunha "competencia laboral exclusiva" que apunta á proliferación de "campos sociais" (novas necesidades e problemáticas xurdidas nas últimas décadas como consecuencia dos procesos de cambio social que afectan o mercado de traballo, os procesos de exclusión económicos e sociais, a marxinación e/ou inadaptación de persoas, grupos e/ou poboacións, etc.) aos que se lles pretende dar unha resposta educativa.

- En segundo lugar, que ese intento de recoñecemento, de exclusividade e diferenciación con respecto a outras institucións educativas (especialmente a institución escolar), acercouna máis ao seu apelido que ao seu nome. Noutras palabras: as estruturas da profesión construíronse prestando atención preferente ao

# Investigación

adxectivo social e minimizando, incluso obviando, a orientación que marca o substantivo educación.

Non obstante, detéctase certo optimismo nas filas de profesionais e académicos con respecto ás posibilidades de crecemento da educación social. Pode que este optimismo sexa xustificable se atendemos, por un lado, ao notable aumento do número de asociacións e colexios profesionais no estado español e, por outro, á ampliación das posibilidades de empregabilidade xa que, progresivamente, encontramos presenza de educadores sociais en lugares nos que, ata o momento, non contaran para nada e para ninguén. Efectivamente, parece que as marxes de manobra da educación social seguen medrando á par que os problemas e as demandas sociais, sexan os vinculados á inadaptación ou exclusión social, á necesidade de formación ao longo de toda a vida ou á nova sociedade da flexibilidade laboral e do ocio. Non está falto de razón Petrus (2000) cando afirma que a educación social medra porque foi quen de se adaptar aos cambios da sociedade e ás demandas que lle son atribuídas no referente ás aspiracións do estado de dereito e de benestar. Isto outorgoulle ao longo da súa historia o carácter de ocupación/profesión social máis ou menos visible. Pero pensando dialecticamente, quizais esta mesma flexibilidade á hora de se adaptar, asumindo o que outros lle piden por encargo (non está de máis lembrar que o principal cliente é o Estado e as súas administracións), non fora sempre unha vantaxe para celebrar.

Pode que o empeño por lexitimarse e facerse visible ante as administracións que empregan os educadores sociais, por monopolizar campos de emprego que seguen ocupando outros profesionais, por consolidar un tecido asociativo e colexial máis forte (motivos todos eles en si mesmos lóxicos e válidos no proceso de profesionalización) deixase de lado outros empeños non menos importantes. Entre eles cabe destacar, por unha parte, a imprescindible **lexitimación da cidadanía** á que se dirixen as accións educativas e, por outra, a necesaria **fundamentación pedagóxica** desta profesión, se é que a supoñemos tan educativa como social. Á segunda resta á espera de que a "tribu académica" e a "tribu profesional" empecen a tomar en serio a necesidade mutua para a supervivencia e o desenvolvemento das dúas. A segunda só chegará no momento no que a cidadanía entenda a utilidade e a función dos educadores sociais nas súas posibilidades de mellora de vida cultural e social. Do mesmo

modo que a cidadanía sabe perfectamente por que acode visitar un médico, un avogado ou un arquitecto, deberíamos preguntarnos se sabe para que podería ir visitar un educador social.

**Entón... ¿que tipo de profesional é o educador social?** Empezarei por dicir algo tan evidente como que o educador social recibe o encargo, dende diferentes instancias políticas, sociais e institucionais, de realizar unha tarefa educativa con persoas que chegan a un servizo ou institución pensada, entre outras, con finalidades educativas. Disto poderíamos deducir que o seu papel como profesional encontra xustificación nese nó no que se articulan, por un lado, certos ideais, esixencias e pautas de época no que con respecto ao tipo de cidadán ao que se aspira e, por outro, as representacións e consecuencias que no cotián teñen as lóxicas políticas xurídicas e económicas que circulan e delimitan o devir do noso marco social. Sen pararnos a discutir con detemento, podemos presuporner que a educación social non se limitaría exclusivamente á adaptación dos individuos ao dado no social, senón á posibilidade de alcanzar a articulación dun suxeito particular nun espazo social (o cal sempre supón certo grao de homoxeneidade). Noutras palabras, entre as súas finalidades debe estar a de posibilitar a construción, máis ou menos autónoma, dun suxeito social antes que conseguir fabricar un suxeito (Meirieu, 1998) para a sociedade.

Dende unha lóxica estritamente pedagóxica, o social é esa rede de lugares e relacións posibles que se constitúe como medio (onde calquera proceso educativo ten lugar) e como fin (xa que anhela a articulación dos suxeitos na vida social). Esta dobre significación do social abre a posibilidade de distinguir as diferentes lóxicas que se dan cita na tarefa dos profesionais. Porque, recreando a educación social dende este marco, podemos entender que entre as súas competencias profesionais se encontra a de traballar para acadar certos obxectivos sociais comúns<sup>2</sup> compartidos con outros axentes tales como políticos, xuíces, técnicos, traballadores sociais, psicólogos ou psicanalistas, etc., pero que debe achegarse a eles cunha mirada diferente e cunha maneira propia de abordalos. Poderemos así rescatar e recompoñer a vocación educativa dos educadores sociais e as diferentes razóns ou lóxicas que a acompañan. Isto pode aclararnos que máis que solucionar/eliminar os problemas económicos e sociais, a competencia dos educadores sociais pasa por activar múltiples formas de ensinar-comunicar-transmitir contidos culturais social-

mente válidos e valiosos, por acompañar neses procesos de adquisición garantindo e promovendo a posibilidade de que cada persoa reciba unha educación que lle permita "ser apta" en/para a vida pública, que o habilite para (con)vivir nese espazo de relación, participación e debate no que construímos o nós.

De novo a chantaxe da urxencia conseguiu que as problemáticas persoais, as situacións de urxencia social, os riscos e as exclusións impuxeran un activismo, unha angustia por dar resposta, sen que puidese sentarse a base sobre a que reflexionar sobre que cuestións merecen a consideración de "ser tratadas" como un problema educativo<sup>3</sup>. Ante os desaxustes e os desastres que as políticas económicas (máis económicas que políticas hoxe en día) provocan, ante as avalanchas dos procesos migratorios, ante o desemprego estrutural, ante a anomia e os problemas psíquicos derivados do illamento, o estrés, a falta de referentes, a falta de oportunidades, etc., ¿que poden facer os educadores sociais?; ¿que pensan eles sobre o que é o seu traballo?; ¿cren que a súa tarefa acaba solucionar os problemas aos que se enfrontan ou comprenden que o educativo pode axudar á mellora da calidade de vida das persoas, pero é só un ámbito máis?; ¿os seus obxectivos, incluso os seus métodos, son percibidos e realizados como unha oferta de procesos educativos ou aproxímanse demasiado aos da axencia ou Administración que os contrata?; ¿como dar un carácter educativo á relación que se establece cunhas persoas que adoitan ter un problema eminentemente social?

Para estas preguntas e cuestións que me ocupan na actualidade aínda non teño máis que respostas parciais e hipóteses de traballo. Intentando adiantar algunhas destas, creo que poderían sintetizarse arredor das seguintes cuestións:

- A educación social é unha profesión educativa e unha profesión social, pero estas dúas dimensións inseparables non deben ser confundidas.

- Se os educadores sociais aspiran a construír unha "identidade profesional" diferente á doutros profesionais do social, terá que recorrerse con máis frecuencia ao concepto educación que ao concepto social, sen que isto signifique, en ningún caso, o esquecemento da súa íntima relación.

Este é o lugar común que aínda resta por construír: ¿en que consiste a tarefa fundamental do educador

social independentemente do ámbito de traballo no que está empregado? ¿Onde encontrar o núcleo forte que nos permite pensar certa continuidade arredor dunha figura profesional máis alá da multiplicación de espazos e tarefas que se lles asignan e aceptan? ¿Que teñen que ver un educador de adultos, un educador especializado e un animador sociocultural? En definitiva, ¿como é posible que profesionais que traballan en institucións diferentes, con individuos do máis diverso e con obxectivos diferentes acaben sendo agrupados baixo o epígrafe educador social? ¿Pode establecerse unha lóxica de continuidade entre uns e outros?

Permítaseme, para concluír, un exemplo que quizais clarifique un pouco máis estas cuestións. Ninguén ignora que un traumatólogo, un dermatólogo ou un cirurxián pertencen á moi prestixiosa comunidade dos médicos. Non obstante, cada un deles fai cousas moi distintas ao resto, traballan en lugares tan diferentes como hospitais, centros de saúde, consultas privadas ou visitas a domicilio. Os seus coñecementos e técnicas son diferentes e por iso, aínda que se lles supoña certa base común, non adoito recorrer ao cirurxián cando padezo algún tipo de erupción cutánea. ¿Por que, entón, todos poden ser considerados médicos? Seguramente, ademais de obter unha formación que os habilite e sanciona socialmente para exercer esa función, porque, en última instancia, teñen claro que todos eles se dedican a coidar e mellorar a nosa saúde. Esa é a súa función, aínda que non estean capacitados para curar calquera enfermidade nin facer fronte a calquera situación de malestar físico. ¿Cal é ese nexo de unión no caso do educador social? A resposta parece ben simple: educar. Pero, ademais de que isto non os diferenciaría substancialmente de mestres, profesores, pais, etc., cremos que os propios educadores sociais seguen tendo dificultades para dar conta da dimensión educativa do seu traballo. Tampouco dende a matriz disciplinar (a pedagogía social) temos unha resposta sólida a esta pregunta, pero o propio intento de responder xera un dos máis fértiles procesos de todos aqueles que son necesarios para acadar certo status profesionalizador. En calquera caso, e como escusa para seguir pensando, propoñemos que non se perda de vista aquela advertencia que realizara Herbart hai xa máis de dous séculos: "non podo concibir a educación sen instrución". A mediados do século pasado Hanna Arendt ampliaría a expresión dando pé a todo un posicionamento pedagóxico, en aparencia tan obvio como

# Investigación

necesario: "Non se pode educar sen ensinar ao mesmo tempo; unha educación sen aprendizaxe é baleira e, polo tanto, con gran facilidade dexenera nunha retórica moral-emotiva. Pero é moi fácil ensinar sen educar, e calquera pode aprender cousas ata o fin dos seus días sen que por iso se converta nunha persoa educada." (1996: 208)

A ensinanza e a aprendizaxe non son competencia exclusiva dos mestres e da institución escolar. En todo caso, quizais puidese selo a ensinanza das disciplinas ou materias académicas (matemáticas, historia, física, etc.), pero isto non esgota, nin moito menos, as posibilidades de instrución (como a chamaban clásicos como Lorenzo Luzuriaga) ou de ensinanza-aprendizaxe como dicimos hoxe. Daquela, non sería demasiado ousado pensar que calquera que pretenda ser educador social debe **facer aposta por ensinar a cultura nas súas múltiples manifestacións**. Sabemos que a educación social non se limita a isto, pero se consentimos no baleirado cultural (Michéa, 2002), na subtracción de contidos culturais valiosos e habilitadores para a vida social e poñemos no seu lugar os discursos da axuda, a asistencia, a prestación, o recurso, etc., desvirtúase profundamente o que de fundamental ten calquera profesión educativa. Pérdese irremediabilmente a vocación educativa (Zambrano, 2000), o valor e o desexo de educar, para dar vía a outros amores e a outras lóxicas.<sup>4</sup>

## Algunhas referencias bibliográficas.

ARENDRT, H. (1996): "La crisis en la educación", en *Entre el pasado y el futuro. Ocho ejercicios sobre la reflexión política*. Barcelona: Península, pp. 185-208.

CARIDE, J. A. (coord.) (2000): *Educación social y políticas culturales*. Universidade de Santiago de Compostela.

GARCÍA MOLINA, J. (2003a): *Dar (la) palabra. Deseo, don y ética en Educación Social*. Barcelona: Gedisa.

GARCÍA MOLINA, J. (2003b): *De nuevo, la educación social*. Madrid: Dykinson.

HERBART, J. (1983): *Pedagogía General derivada del fin de la educación*. Barcelona: Humanitas.

MEIRIEU, P. (1998): *Frankenstein educador*. Barcelona: Laertes.

MICHÉA, J-C. (2002): *La escuela de la ignorancia*. Madrid: Acuarela.

NÚÑEZ PÉREZ, V. (coord.) (2002): *La educación en tiempos de incertidumbre: las apuestas de la Pedagogía Social*. Barcelona: Gedisa.

ROMANS, M.; PETRUS, A. e TRILLA, J. (2000): *De profesión: educador(a) social*. Barcelona: Paidós.

SÁEZ, J. (2003): *La profesionalización de los educadores sociales. En busca de la competencia educativa cualificadora*. Madrid: Dykinson.

ZAMBRANO, M. (2000): *La vocación del maestro*. Madrid: Ágora.

<sup>1</sup>SÁEZ CARRERAS, J. (2003): *La profesionalización de los educadores sociales. En busca de la competencia educativa cualificadora*. Madrid: Dykinson.

<sup>2</sup>Recoñecidos baixo epígrafes por todos coñecidos tales como socialización, inclusión, circulación, participación e promoción social, xustiza social, paz social, aumento da calidade de vida, etc.

<sup>3</sup>Creemos que esta é unha das grandes oportunidades da pedagogía social para encontrar un lugar de aceptación e recoñecemento aos ollos dos profesionais da educación social.

<sup>4</sup>Na base desta concepción está o intenso e interesante traballo de formación permanente que está realizando un grupo de educadores sociais membros da Asociación Profesional de Educadores Sociales de Castilla-La Mancha.





## **Fórum 2004: encontro de culturas**

O Fórum Barcelona 2004 é un punto de encontro dos cidadáns de todo o mundo e un espazo de diálogo dos debates urxentes do século XXI que, durante 141 días (do 9 de maio ao 26 de setembro), ofrece un espazo novo e creativo para pensar e experimentar sobre os principais conflitos culturais e sociais que ten que afrontar o mundo neste século XXI.

O Fórum xira arredor de tres grandes eixes, aprobados pola UNESCO na súa Conferencia Xeral de 1997: diversidade cultural, desenvolvemento sostible e condicións da paz.

Son tres tamén as formas de percorrer e gozar do evento: "Fórum", "Fórum Diálogos" e "Fórum na cidade".

O "Fórum" é un percorrido de 30 hectáreas deseñado para experimentar os tres eixes temáticos, pero tamén o lugar onde os visitantes atoparán exposicións grandes e pequenas, obradoiros, mercados, espectáculos, xogos... que lles permitirán vivir de cerca as máis diversas formas de cultura e entretemento., rir, para emocionarse, pero tamén para reflexionar.

O "Fórum Diálogos" é un encontro coa reflexión, a través de numerosos congresos e conferencias, que reunirán a máis de 1.500 relatores co obxectivo de constituír un foro internacional onde se intentará buscar solucións para os problemas máis apremantes do noso mundo.

Os diálogos son 47 en total e están estruturados en once bloques temáticos: introdución; diversidade cultural e medios de comunicación; a palabra; ciencia, coñecemento e desenvolvemento sostible; liberdade, seguridade e paz; globalización e desenvolvemento; a espiritualidade; algunhas voces non escoitadas; o papel da educación e a cultura no desenvolvemento; a cidade, contorno de convivencia; novos actores, novas dinámicas.

O "Fórum na Cidade" converte Barcelona nun escenario ampliado do Fórum, con exposicións, concertos, teatro, danza, ópera, accións na rúa e un extraordinario festival do mar, implicando así a cidade no acontecemento a través dos seus museos, fundacións e entidades, dende os grandes equipamentos públicos ata os pequenos museos, con congresos asociados, festivais e exemplos de todas as formas de expresión artística contemporáneas.



## Política socioeducativa do novo goberno

Recentemente comezou unha nova lexislatura cun novo partido político á fronte do Estado. Este cambio político é un acontecemento de actualidade que non podemos deixar de mencionar nesta sección de Galeduso. As políticas educativas e sociais, en tanto que son as máis vinculadas ao noso ámbito profesional, son nas que centraremos esta mención ao novo goberno. Velaquí un resumo dos compromisos recollidos no programa electoral do Partido Socialista no campo das políticas sociais:

### DISCAPACIDADE

- Creación dun Plan Nacional de Atención ás Persoas Dependentes.
- Accesibilidade universal: obriga legal de realizar auditorías de accesibilidade en todos os proxectos de infraestrutura que promova ou financie o Estado.
- Plan de Emprego e Formación 2004-2008 para Discapacitados: reserva do 5% na Administración pública; Plan de Vixilancia da Cota de Reserva do 2%.
- Prolongación dos permisos de maternidade/paternidade en caso de discapacidade de fillo/a, nacementos múltiples e familia monoparental.
- Establecemento coas persoas con discapacidade dun contrato de inclusión do 9% co obxectivo de conseguir que a participación das persoas con discapacidade en todos os ámbitos se corresponda co seu peso demográfico.

### DROGA

- Plan Nacional de Prevención da Delincuencia que se desenvolverá a través de programas e accións transversais.
- Implantación de programas terapéuticos para colectivos en risco de exclusión.

### FAMILIA

- Reformar a lexislación co fin de conciliar a vida laboral e familiar.
- Dereito á prestación de viuvez para os membros das parellas de feito rexistradas.
- Plena equiparación legal e social de lesbianas e gays. Posibilitarase o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.
- Recoñecemento dun permiso de paternidade de dúas semanas de duración.
- Elaboración dunha lei de apoio ás familias con necesidades especiais.
- Constitución dun Consello Estatal de Políticas de Familia.

### EDUCACIÓN

- Recoller nos deseños curriculares contidos obrigatorios que recollan os valores democráticos.

### INFANCIA

- Establecemento dunha rede de atención a nenos de 1 a 3 anos. O inicio deste plan concrétese cunha contribución inicial do Goberno de mil millóns de euros.
- Creación en TVE dunha canle infantil e doutra xuvenil.
- Asegurar para as comunidades autónomas unha rede de servizos especializados na atención á infancia en risco social.

### INMIGRANTES

- Plan de choque de aumento, reforzo e mellora dos servizos públicos e das prestacións sociais básicas.
- Con todas as forzas políticas, elaborar un Pacto de Estado e Inmigración.
- Creación dunha Axencia Española de Migracións que aglutine as competencias dos distintos ministerios.
- Creación de oficinas de contratación nos países de orixe dos inmigrantes.

### MAIORES

- Creación dun Sistema Nacional de Atención ás Persoas Dependentes.
- Crearanse, directamente ou por concerto, as prazas necesarias en residencias asistidas que nos permitan acadar a media da UE.
- En coordinación cos servizos sanitarios crearanse unidades de enfermería e de hospitalización a domicilio.

### MULLER

- Elaboración dunha lei integral sobre violencia de xénero.
- Creación dun fondo de garantía de pago de alimentos a favor dos fillos menores de idade.
- Elaboración dun Plan de Acción para a Muller con Discapacidade.

**Galicia**

# **ACCEDER**

**Programa de Acceso ao Emprego**



**Programa Operativo Plurirrexional "Loita contra a discriminación". Fondo Social Europeo (2000-2006)**

## **Accións dirixidas á poboación xitana**

En Galicia viven algo máis de 7.000 persoas de etnia xitana. Esta poboación distribúese en 150 núcleos de poboación nun total de 50 concellos. As sete grandes cidades albergan o 70% do total da poboación xitana. Son unha minoría dos xitanos españois (non chegan ao 2%) e do total da poboación galega (un 0,25%). Danse situacións moi diversas en canto á procedencia e á situación social. A poboación xitana está vivindo un proceso de profunda transformación entre nós.

Nas últimas décadas produciuse unha sensible mellora nas súas condicións de vida, propiciada polo acceso aos sistemas de protección social, á vivenda pública e aos sistemas de saúde e de educación. A pesar disto, una boa parte da poboación xitana continúa constituíndo un dos grupos máis vulnerables e con maior risco de exclusión social e económica de Galicia, ademais de ser vítimas frecuentes de prácticas discriminatorias que impiden o seu acceso a bens e servizos en igualdade de condicións co resto dos cidadáns galegos.

Neste contexto, o Programa Acceder, dende o marco do Fondo Social Europeo e coa colaboración da

# Práctica Profesional

Xunta de Galicia e dos concellos nos que se desenvolve o programa, quere impulsar, a través de accións centradas no acceso á formación profesional e ao emprego, a inclusión social da poboación xitana e colaborar para que alcance as condicións medias de vida de que gozan xa a maioría dos cidadáns de Galicia.

## O reto do emprego para os xitanos de Galicia

O emprego constitúe un dos aspectos clave para garantir a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento pleno da cidadanía. Pero boa parte dos membros da comunidade xitana galega teñen seriamente limitadas as súas posibilidades de integración social plena pola gran distancia que aínda os separa dos recursos de formación normalizados e do acceso por conta allea e pola presenza do fenómeno da discriminación no ámbito laboral.

No panorama laboral dos xitanos galegos seguen predominando as ocupacións que tradicionalmente viñeron exercendo: venda ambulante, recollida de residuos, etc. e estes son cada vez máis insuficientes para garantir o sostemento familiar e o acceso a outros bens e recursos polo

que crean unha situación de dependencia cada vez maior das prestacións sociais.

O Programa Acceder pretende por isto promover oportunidades para a inclusión laboral dos xitanos e das xitanas no mercado de traballo normalizado: conseguir empregos, impulsar unha vontade entre a comunidade xitana para se incorporar a este mercado, poñer ao seu alcance ferramentas formativas, de orientación e acompañamento que o fagan posible e traballar coas empresas e outros axentes sociais para facilitar este camiño.

## Obxectivos en Galicia

O programa iniciou a súa andadura na nosa comunidade no ano 2001 e o seu período de actuación chegará ata finais do 2006.

O obxectivo para a nosa comunidade neste tempo é posibilitar que xitanos e xitanas das cidades de Pontevedra, Vigo, Lugo e Santiago de Compostela

se beneficien directamente dos diferentes servizos que dende este programa se desenvolven, mellorando as súas condicións de empregabilidade e que consigan un contrato de traballo.

## Destinatarios

- Á poboación xitana galega, con especial atención aos mozos e ás mulleres entre os 16 e os 30 anos.
- Os empresarios das cidades nas que se opera.
- As administracións públicas, organizacións xitanas e outros axentes sociais de Galicia.

## Servizos que presta ACCEDER

As accións fundamentais do Programa Acceder en

Galicia concréntanse na posta en marcha de dispositivos de inserción laboral, dende onde se atende de maneira individualizada e adaptada o proceso de acceso ao emprego a través dos seguintes servizos:

- Servizo de acollida e información.
- Itinerarios personalizados de formación e busca de emprego.
- Orientación sociolaboral e titorías.
- Oferta de actividades de preformación e formación profesional.
- Derivación e seguimento noutras actividades formativas.
- Accións de prospección e busca activa de emprego no mercado de traballo e intermediación coas empresas.
- Acompañamento no posto de traballo.
- Información e asesoramento ás empresas sobre axudas á contratación.
- Asesoramento e apoio na creación de traballo autónomo.
- Accións de sensibilización dirixidas ao mundo empresarial.

Outra liña de actuación deste programa é o impulso de políticas activas dirixidas á poboación xitana da nosa comunidade e especificamente encamiñadas a fomentar a creación de servizos de proximidade no ámbito socioeducativo, sociosanitario e sociocultural. Estes servizos, ademais de dar empregos a tra-



balladores xitanos, contribúen a mellorar as condicións de vida da poboación.

Para isto, estanse desenvolvendo accións de carácter xeral para toda a comunidade autónoma:

- Formación de mediadores e de axentes sociais.
- Asesoramento técnico ás administracións e organizacións sociais.
- Elaboración de estudos e investigacións específicas.
- Accións de sensibilización, información e difusión de iniciativas.

## Dispositivos de acceso ao emprego

Estes dispositivos contan con persoal especializado que recibiu a formación adecuada para o desempeño do seu labor. Conta, ademais, cos medios materiais necesarios e ferramentas técnicas válidas e adaptadas para o traballo coa poboación gitana. Os perfís profesionais adáptanse ás accións desempeñadas correspondentes á coordinación do programa, prospección de emprego, orientación laboral, mediación cultural e intervención sociolaboral. Dependendo da realidade e das necesidades do territorio no que se actúa, en cada dispositivo varía o número de profesionais que forman os equipos de traballo.

Na nosa comunidade autónoma existen catro dispositivos de acceso ao emprego dende onde se prestan os servizos descritos, dos cales dous deles son os que maior experiencia e consolidación contan en relación coas accións desempeñadas de cara ao emprego. Estes correspóndense aos das cidades de Vigo e Pontevedra. Outro dos dispositivos creados sitúase en Lugo, iniciando o seu proceso a inicios deste mesmo ano. O cuarto correspóndese ao da cidade de Santiago de Compostela e está na actualidade en proceso de consolidación.

## A cooperación institucional

A garantía de éxito dunha iniciativa como esta depende, en boa medida, da capacidade de reunir arredor dun proxecto común os diferentes actores implicados.

Para o desenvolvemento do Programa Acceder, a Fundación Secretariado General Gitano subscribe

convenios de colaboración cos departamentos da Administración autonómica e local responsables das políticas de benestar social e de emprego, a través das correspondentes consellerías, concellerías ou institutos municipais.

## Seguimento do programa

A oportunidade e a responsabilidade que supón contar cun programa destas características esixe dar conta da súa evolución, dos resultados e dos impactos que se conseguen, así como da xestión que se realiza. Por isto Acceder ten previstos diversos mecanismos para o control, corrección, seguimento e avaliación:

- Avaliación externa: avaliación dos procesos, resultado e impacto do programa a cargo dunha consultora externa.
- Auditorías contables para os aspectos relacionados coa xestión e co control económico.

- Comisións de seguimento coas entidades colaboradoras: unha comisión de nivel autonómico e comisións en cada un dos concellos.

- Memoria anual das actuacións en Galicia e memoria global do programa en todo o Estado.



## ..... De interese:

- CASO DE BOAS PRÁCTICAS

### Programa Acceder

#### Itinerarios integrados de inserción para a poboación gitana:

O Programa Acceder, xestionado pola Fundación Secretariado General Gitano, foi seleccionado e identificado polo Fondo Social Europeo como "Caso de Boas Prácticas" na Avaliación Intermedia do Programa

Fonte:

- Fundación Secretariado General Gitano. Información extraída e adaptada do folleto informativo de Acceder Galicia.
- Caso de Boas Prácticas: información extraída do Informe de avaliación intermedia do Programa Operativo Plurirrexional de Loita Contra a Discriminación.

## Asembleas extraordinaria e ordinaria do CESG

Unha vez consensuado coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o borrador dos estatutos definitivos do CESG, púidose facer a convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria do Colexio de Educadores.

Para a mesma data convocouse tamén unha Asemblea Extraordinaria, co obxecto da aprobación dos ditos estatutos e do Regulamento das asembleas xerais ordinarias do CESG.

Así, o pasado día 8 de maio de 2004, tiveron lugar as ditas asembleas no local da Obra Social Caixa Galicia de Santiago de Compostela.

A Asemblea Ordinaria recollía na orde do día a aprobación da memoria de actuacións e da económica das distintas vocalías do colexio; os plans de traballo e orzamento para o exercicio 2004; a aprobación do código deontolóxico do educador social; a comunicación de cambios nos órganos de goberno e, por último, propostas, rogos e preguntas dos asistentes.


Entre todos estes temas hai un que cabe resaltar pola súa importancia no desenvolvemento da nosa profesión: a aprobación do **código deontolóxico do/da educador/a social**. Este código foi construído co obxecto de proxectar unha liña de actuación para os profesionais da educación social, para orientar sobre os deberes e dereitos dos educadores na súa práctica profesional, razoando as súas accións educativas. En definitiva, pretende ser unha guía para o correcto desenvolvemento das funcións dos educadores sociais.

Asumir o código deontolóxico supón un compromiso ético-profesional que se converte nunha necesidade cando se trata dunha profesión coma a educación social, na que as persoas destinatarias da intervención socioeducativa sofren, en moitas ocasións, unha problemática social que fai que se sitúen en desvantaxe con respecto ao resto da poboación.

Lembrámosvos que podeades acceder ao contido completo do código deontolóxico do/da educador/a social a través das páxinas web [www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com) ou [www.eduso.net](http://www.eduso.net).

Outro dos temas salientables na asemblea do 8 de maio é a aprobación dos plans de traballo das distintas vocalías. Destacamos a continuación un breve resumo dos ditos plans:

**Vocalía de Congreso:** a importancia deste evento fai necesaria a creación dunha vocalía específica que se encargue de dinamizar todo o traballo que este leva consigo. Para esta vocalía –que traballará sempre en coordinación e traballo conxunto coa Xunta de Gobernoæ creouse un Comité Organizador, apoiado por unha Secretaría Técnica e unha Secretaría Científica, que, pola súa vez, serve de soporte para un Comité Científico. Todas estas figu-



ras apoiaranse na Secretaría do Congreso, na que recaerá a xestión diaria correspondente. A Secretaría Científica encargárase, entre outras cousas, da recepción, valoración e arquivo de relatorios e comunicacións; da elaboración das conclusións e dos grupos de traballo e, unha vez celebrado o congreso, da edición do libro e DVD. En canto á Secretaría Técnica, correspóndenlle as actuacións relacionadas coa comunicación/publicidade; a elaboración de documentación e a xestión das inscricións, das viaxes e aloxamentos, etc.

**Vocalía de Coordinación de Grupos de Traballo:** esta vocalía, creada recentemente, terá como funcións a dinamización dos grupos de traballo e a creación doutros novos. Na actualidade hai activos no CESG catro grupos de traballo:

- 1) Grupo de traballo de inmigración. Fará unha análise da situación laboral dos inmigrantes, e elaborará un dossier-estudo a este respecto. Elaborará unha estatística comparativa de ámbito nacional, entre outras actuacións.
- 2) Grupo de estudos e intervención xerontolóxica. Cabe destacar entre os seus proxectos a realización dunha investigación sobre a situación dos/as educadores/as sociais que traballan no ámbito da xerontoloxía en Galicia; a organización das "II Xornadas sobre Xerontoloxía e Educación Social" e a revisión do texto "O educador social en xerontoloxía", elaborado con anterioridade.
- 3) Grupo de traballo de educadores nos IES. Co fin de incluír a figura profesional do educador social nos centros de ensino secundario de Galicia, retomaranse as negociacións coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, presentarase a proposta a institucións educativas de carácter privado e elaboraranse escritos reivindicativos de cara a

confirmación dunha oferta firme con respecto a todas as institucións públicas implicadas.

- 4) Grupo de traballo de centros de menores. As súas actuacións estarán centradas fundamentalmente no obxectivo da separación, por parte da Administración pública, dos menores con medidas de protección e reforma nos mesmos centros.

Á posibilidade de apertura de novos grupos de traballo centrados noutros temas, como poden ser: drogodependencias, animación sociocultural, educadores familiares, etc., está sempre aberta a todos os colexiados que queiran participar activamente no desenvolvemento da súa profesión.

**Vocalía de Organización Institucional:** entre outras funcións, encargárase da promoción e publicidade do CESG cara o exterior: universidades, páxinas web, concellos, entidades sindicais, etc.; do estudo e elaboración de documentos; do soporte administrativo (certificacións, tramitacións, implantación do servizo de compulsas propio, etc.); do soporte á Xunta Permanente e á Xunta de Goberno, etc.

**Vocalía de Servizos aos/ás Colexiados/as:** os obxectivos que propón esta vocalía son varios: promoción da biblioteca do CESG, así como ampliación da oferta bibliográfica; seguimento e recompilación da normativa e lexislación de temas relacionados coa profesión; difusión e dinamización do novo "Servizo a Emprendedores"; encontros con estudantes de educación social; etc.

**Vocalía de Comunicación:** continuación das publicacións Galeduso e Boletín do CESG; xestión dos contidos da páxina web; revisión do díptico informativo do colexio; realización de charlas informativas nas universidades sobre o colexio e as saídas profesionais da educación social; ademais de todas aquelas actuacións que se estimen oportunas.

**Vocalía de Formación:** organización de actuacións formativas centradas en distintos ámbitos; xornadas de diversa índole, favorecidas tanto dende a vocalía como dende os distintos grupos de traballo, e organización da escola de verán 2005.

**Vocalía de Situación Profesional:** farase un seguimento das prazas convocadas no ámbito da educación social, realizando as protestas ou denuncias pertinentes no caso de estar enunciadas de xeito irregular; iniciárase un diálogo coas organizacións sindicais co fin de modificar o convenio único de persoal laboral da Xunta de Galicia; realizarase a análise dos datos procedentes da enquisa laboral enviada aos/ás colexiados/as, entre outras actuacións.

**Vocalía de Promoción Profesional e Relacións Institucionais:** entre as súas actuacións atópanse, en xeral, a promoción do CESG (incrementar as relacións e coñecemento do CESG, solicitar a incorporación a todas as institucións do social onde sexa preciso, etc.); a organización interna do colexio (supervisión e coordinación do persoal, convocatoria das xuntas de goberno e outras, etc.) e as relacións exteriores (colaboración con Asedes; actuacións destinadas á consecución do Consejo General de Colegios de Educadores Sociales do Estado Español, asesoramento aos novos colexios de educadores sociais, etc.)

Como se pode ver neste resumo, as pretensións do colexio son cuantiosas, porque aínda queda moito por facer para a regulación da nosa profesión e porque pretendemos ofrecerlles aos/ás colexiados/as uns servizos útiles para o seu desenvolvemento profesional. Traballamos cada día para a mellora da educación social e dos educadores e educadoras sociais, e esperamos contar coa implicación de todos vós para conseguilo.



# *IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social*

## **ORGANIZAR UN CONGRESO NON É DOADO**



Neste artigo queremos facerlles visible aos lectores e lectoras de Galeduso a parte de traballo invisible do congreso e darlles a coñecer tanto as fases de organización como a fundamentación de contidos e relatores.

Cando no Comité Organizador nos preguntamos polo organigrama de traballo do congreso, decidímonos por un modelo flexible e democrático, sen xerarquías e onde primase, sobre todo, a toma de decisións compartidas e en equipo.

Por isto, dividimos as funcións en dúas secretarías: a científica, que velaría pola calidade dos relatores e do contido teórico do congreso, e a técnica, que se encargaría de lle dar soporte material para a celebración do evento. O brazo articulador das dúas secretarías sería a secretaria executiva, Lorena Rivera.

Tiñamos nas nosas mans a responsabilidade de organizar o IV Congreso Estatal do/a Educador/a Social. E tiñamos un tema:



# *IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social*

**Políticas socioeducativas: retos e propostas para o século XXI.**

## **AS PRIMEIRAS XESTIÓNS**

Os primeiros documentos que se elaboraron clarificaban as funcións das dúas secretarías e establecían previsións temporais para as tarefas encomendadas.

**Funcións da Secretaría Científica:**

- Responsabilizarse do desenvolvemento do corpo teórico-científico do congreso.
- Determinar os participantes do congreso e os diferentes espazos de análise (relatorios, grupos de traballo, mesas redondas, comunicacións, experiencias, casetas, etc.).
- Proponer posibles relatores e moderadores para as distintas modalidades de sesións científicas.
- Articular o traballo dos distintos relatores, validar os materiais e contidos do congreso, selección, seguimento e arquivo dos traballos recibidos, etc.
- Redacción e publicación das actas do congreso.
- Aprobar prazos de execución das tarefas.

**Funcións da Secretaría Técnica:**

- Articular o soporte financeiro do congreso (busca de patrocinios e subvencións, xerar presupostos, etc.).
- Conseguir os recursos básicos para a realización do acto (local, material para congresistas e relatores, medios audiovisuais, etc.).
- Organizar actividades paralelas ao congreso (visitas, ceas, comidas,

etc.).

- Definir e controlar a documentación básica durante o proceso de inscricións.
- Articular os modos de difusión do congreso: poñer en marcha a páxina web, xerar unha base de datos para o envío de información, xestionar a impresión e difusión de programas e cartelería, organizar outras accións de difusión (recensións en periódicos, charlas...), etc.
- Organizar outras accións clave para a mobilización de congresistas: hoteis, transporte, viaxes, etc.

Comezaron as **primeiras reunións** do Comité Científico e do Comité Organizador aló polo mes de outubro do ano 2003 e foi daquela cando comprendemos o alcance dos nosos traballos.

Pensar en relatores, en estruturación de espazos, en actividades lúdicas, recursos técnicos, cotas de inscricións, aloxamentos, orzamentos, en subvencións, en libros de actas, prazos, comunicacións...

Aínda que pareza que un ano é moito tempo, realmente non é nada. E logo das decisións iniciais pasouse á acción: contacto con relatores, deseño do programa, invitacións para o comité de honra, protocolo, petición de subvencións, centos de reunións coas entidades bancarias, coas consellerías, longas esperas...

Malia resultar complexo para todos nós, fóronse atando cabos e, por fin, no mes de abril viu a luz o programa provisional e, no mes de maio, o programa definitivo. Xa tiñamos confirmado o comité de honra, os relatores, as colaboracións eco-

# *IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social*

nómicas (patrocinios non houbo), as reservas de centos de prazas hoteleiras para os asistentes. Xa tiñamos decidido as cotas de inscrición, os prazos e características para as comunicacións. E tiñamos deseñado os contidos e temáticas para os diferentes espazos científicos.

## **A DIFUSIÓN DO PROGRAMA**

Grazas á colaboración e subvención da Deputación Provincial da Coruña, que nos facilitou os servizos da súa imprenta, sacamos á luz 10.000 programas e 5.000 pósteres, que se repartiron a máis de 4.000 entidades.

O **proceso de difusión** do congreso é o mais complexo e delicado, xa que da boa xestión deste punto depende que os educadores e educadoras sociais de todo o Estado teñan información puntual e precisa, que se xere interese polo congreso e que se faga posible a asistencia dun número importante de congresistas.

Ademais do envío masivo de programas e cartelería, establecemos contactos con diversos medios de comunicación, fixemos números especiais do boletín do CESG para dar información puntual a todos os nosos colexiados, e Asedes, entidade coorganizadora do congreso, encargoulles a todas as asociacións e colexios profesionais do Estado que fixesen o propio nos seus territorios, dándolles a coñecer a celebración aos seus asociados, entidades afíns, etc.

Nesta fase de difusión tivo especial importancia en Galicia a presentación aos estudantes de Educación Social das tres universidades galegas da páxina web do congreso dentro do portal de EDUSO.NET. O seu artífice, Roberto

Bañón, acompañado de membros da Xunta de Goberno do CESG, desprazouse ás facultades de Santiago de Compostela, A Coruña e Ourense, onde se imparte a titulación de Educación Social.

## **A ORGANIZACIÓN DE LIÑAS TEMÁTICAS NO PROGRAMA**

O congreso organízase en cinco espazos pensados para a reflexión e o intercambio de coñecemento e experiencias: conferencias, mesas redondas, grupos de traballo, encontros por ámbitos e actividades lúdico-culturais. Pensamos que, tal e como queda estruturado o congreso, as temáticas que se abordarán e as análises que levarán consigo resultan de máximo interese e actualidade para os profesionais que estamos traballando ou que traballarán nun futuro no eido da educación social.

### **Conferencias**

Marcámonos como obxectivo traer a grandes relatores que conseguisen un efecto mediático no ámbito da comunicación co fin de lle dar a coñecer á sociedade o papel dos educadores sociais no marco das políticas sociais. Para isto, temos a sorte de contar con dúas mulleres de recoñecido prestixio. A primeira, Rigoberta Menchú, que abrirá a xornada do primeiro día, falará das políticas sociais actuais na sociedade global, centrándose na latinoamericana e as súas relacións con occidente. A segunda, **Carmen Sarmiento**, disertará o último día sobre o papel do xornalismo como loita contra a exclusión social. O día 1 de outubro contamos cun acto de máximo interese para os educadores sociais: a

# *IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social*

presentación do noso código deontolóxico, normativa ética que guiará as nosas actuacións profesionais.

## **Mesas redondas**

Coa primeira mesa redonda preténdese que máximos responsables das políticas sociais dos principais partidos políticos (PP, PSOE, EU e BNG) expoñan as concepcións e liñas estratéxicas neste ámbito e se posicionen sobre o seu modelo de servizos sociais definindo as súas prioridades de futuro no seu desenvolvemento. A segunda mesa redonda reúne a técnicos de diferentes ámbitos da Administración para que expoñan os problemas e alternativas que atopan no seu ámbito de traballo para conseguir intervencións baseadas na ética e na calidade que a nosa profesión esixe.

A terceira mesa redonda estará constituída por representantes de tres medios de comunicación social: xornalismo, cine e televisión. Eles intentarán facer unha análise de como se tratan as problemáticas sociais nos seus respectivos medios e que imaxe proxectan da educación social e de nós como profesionais do social.

## **Grupos de traballo**

Están concibidos como espazos de reflexión aberta sobre as áreas temáticas definidas no congreso. Cada grupo de traballo será coordinado por dous relatores: un/unha técnico/a e un/unha académico/a. Con esta metodoloxía preténdese analizar o tema que se debate abarcando diferentes perspectivas. Facilitaranse diversos elementos de análise a partir dos cales cada relator fará unha pequena introdución que anime os participantes dos grupos a se incorporar ao debate. Entre os temas elixidos polo Comité Científico para debater figuran "A forma-

ción inicial e continua na educación social", onde terá especial relevancia a converxencia europea de titulacións. Igualmente importante se presenta o grupo de traballo de "O lugar da ética na nosa práctica", que se pretende que sirva de enlace temático co congreso celebrado con anterioridade, ou "Ideoloxías, cultura política e educación social", que analizará as relacións necesarias entre os conceptos, aparentemente maquilladas na práctica da educación social.

## **Encontros por ámbitos**

Para a catalogación dos ámbitos de intervención tiveronse en conta diferentes criterios: por unha banda, o cronolóxico-evolutivo (infancia, xuventude, adultos, maiores); por outra banda, os ámbitos máis especializados (drogas, centros penais, inmigración, minorías...). Deste xeito, a persoa que coordine cada ámbito deberá dirixir o debate cara ao tipo de políticas sociais integrais versus sectoriais que están enmarcando as intervencións profesionais. En función dos elementos de análise que propoña o/a moderador/a, os participantes intercambiarán experiencias e opinarán sobre os problemas máis importantes no seu sector de intervención e elaboraranse recomendacións para elevar aos gobernos de cara a súa consideración. Quizais se bote de menos algún ámbito de intervención que ten a súa explicación na falta de espazos físicos no pazo de congresos, tendo en conta que son 17 encontros por ámbitos

## **Actividades lúdico-culturais**

Están pensadas como un complemento de diversión e de enriquecemento persoal dentro do congreso, tendo en conta a importancia do Ano Xacobeo en Santiago

# *IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social*

de Compostela. Preténdese que a educación social sexa tamén vivida a través destas actividades. Con esta finalidade, temos programada a cea do congreso, visitas didácticas guiadas a centros de interese da cidade, a peregrinación desde o pazo de congresos á catedral, etc.

## **SOBRE A INSCRICIÓN**

A definición do proceso de inscrición e cotas foi un dos puntos mais críticos e complexos.

Todos nós apostamos por facer un congreso de calidade en todos os sentidos, tanto técnica como cientificamente. Neste sentido decidimos traer conferenciantes importantes de distintos ámbitos da sociedade; alugamos un local que consideramos que dispón das mellores condicións para a celebración do congreso: o pazo de congresos de Galicia; reservamos prazas hoteleiras para facilitar a asistencia de congresistas de todo o Estado, decidimos editar materiais de calidade (programas, actas, carpetas, portafolios...).

Esta calidade ten custos. Así que emprendemos a ardua tarefa de buscar colaboracións, patrocinios e subvencións. No mes de abril, tras un longo esforzo, dúcias de reunións, centos de correos electrónicos e miles de chamadas, puidemos facer balance: conseguimos que arredor dun 30 % do gasto do congreso estivese cuberto grazas a colaboracións e subvencións.

Deste xeito, tomando como referencia os anteriores congresos da educación social, outros actos afíns (congresos e

xornadas de traballo social, pedagogía, psicoloxía, etc.) e con base nestas contas, establecéronse as cotas de inscrición.

Para facilitar a asistencia de todo o mundo, establecemos tres criterios: para-dos, estudantes e xubilados, colexiados e asociados a entidades pertencentes a Asedes e resto de profesionais.

Ademais, establecemos dous períodos, e aqueles que desexasen axilizar a súa inscrición e a ralizasen antes do 15 de xuño obterían un 20% de desconto.

Por outra parte, ante o convencemento de que os galegos temos que ser maioría neste congreso, o CESG está articulando unha serie de bolsas para os seus colexiados que roldan entre o 20 e o 50%. Tamén contamos cunha subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se destinará integralmente a bolsas para estudantes de Galicia.

## **NA ACTUALIDADE**

Desde a Secretaría Científica os esforzos nesta etapa estanse a centrar nas seguintes tarefas:

- Preparación da edición do libro de actas.
- Petición aos relatores de resumos das súas exposicións.
- Lectura, validación e encadramento das comunicacións por parte do Comité Científico.
- Confirmar aceptacións aos autores das comunicacións.
- Elaboración de propostas e aprobación de dinamizadores para os grupos de traballo e encontros por ámbitos.

## *IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social*

- Resposta aos requirimentos de relatores e dinamizadores.
- Contactos coa prensa.

Neste punto é importante sinalar a vontade manifesta de moitos profesionais para coordinar tanto os grupos de traballo como os encontros por ámbitos, obrigando os comités organizador e científico a configurar propostas que representasen a todas as asociacións e colexios profesionais do Estado, unindo a este criterio o da necesaria calidade dos relatores.

Por outra banda, na Secretaría Técnica estanse a levar a cabo as seguintes funcións:

- Definición dos medios técnicos e audiovisuais.
- Seguimento de inscricións.
- Atención de dúbidas de interesados no congreso.
- Solicitude de probas do material impreso (libros de actas, CD, programas, etc.).
- Realización dunha segunda fase de difusión.
- Elaborar o material decorativo e de sinalización do congreso (cartelería, sinalización, nomes de mesas, flores, etc.).
- Organizar actos lúdicos e actividades paralelas ao congreso.
- Xestión de persoal para o acto (técnicos, azafatas, persoal de control, etc.).
- Etc.

E despois das vacacións de agosto o que nos queda...

### **A CONTA ATRÁS**

Para o mes de setembro espéranos nervios, escusas inesperadas de relatores, suplencias, recibir inscricións (cantas máis mellor), organizar actos lúdicos para todos os asistentes, comprobar que todo estea listo e a punto nas datas previstas...

E esperar que o IV Congreso Estatal do/a Educador/a Social sexa un éxito.

Todo un éxito para a educación social e un éxito para os galegos e galegas.



# Barco de papel



Esta sección intenta recoller información sobre bibliografía interesante relacionada con distintos ámbitos da educación social, páxinas web de contido educativo, proxectos sociais, etc.

Por este motivo, animámosvos a participar enviándolle ao CESG información que teñades da vosa man e que consideredes que sería interesante dar a coñecer.

## Bibliografía

- GOMEZ SERRA, M.: *Evaluación de los Servicios Sociales*. Gedisa.
- RUIZ, C. (Coord.): *Educación Social. Viejos usos y nuevos retos*. Universitat de Valencia.
- GARCÍA MOLINA, J.: *Dar (la) palabra. Deseo, don y ética en educación social*. Gedisa.
- LAMATA COTANDA, R. e DOMÍNGUEZ ARANDA, R.: *La construcción de procesos formativos en educación no formal*. Narcea.
- PÉREZ SERRANO, G.: *Pedagogía social – Educación social. Construcción científica e intervención práctica*. Narcea.



### Colección: Educación social.

- SÁEZ, J.: *La educación de adultos, ¿una nueva profesión?*.
- GELPI, E.: *Trabajo, educación y cultura*.
- SARLET, A.M.: *Educación para la salud: una perspectiva antropológica*.
- ORTE, C. e MARCH, M.: *Pedagogía de la inadaptación social*.
- RIERA, J.: *Concepto, formación y profesionalización de: el Educador Social, el Trabajador Social y el Pedagogo Social. Un enfoque interdisciplinar e interprofesional*.
- ESCARBAJAL, A.: *La Educación Social en marcha*.
- QUINTANA CABANAS, J.M.: *Textos clásicos de Pedagogía Social*.
- MÍNGUEZ, J.: *La educación social a través de la literatura. Familia, escuela e infancia en la literatura española de finales del siglo XIX*.

## Internet



### line@social

Semanario dixital de información social, que ofrece información de actualidade relacionada coa política social centrándose nos temas de muller, infancia, drogadicción, discapacidade, maiores, inmigración, ONG, saúde e Unión Europea. A través de entrevistas e reportaxes, este boletín achéganos á realidade social do momento, presentándonos novas medidas legislativas, novos programas, publicacións, cursos, etc.  
[www.lineasocial.com](http://www.lineasocial.com)

### Portal Mayores.

Este portal está especializado en información xerátrica e xerontolóxica. Recolle completa información sobre lexislación, bibliografía, convocatorias, documentos, investigación, estadísticas, saúde... Ademais de información sobre as novidades que se producen neste ámbito relativas a formación, novas en prensa, premios, etc. Pode resultar moi útil para os profesionais que estean interesados no ámbito das persoas maiores.  
[www.imsersomayores.cesic.es](http://www.imsersomayores.cesic.es)



[www.naullibres.com](http://www.naullibres.com)  
[nau@naullibres.com](mailto:nau@naullibres.com)

# *En lembranza das vítimas*



Non podemos deixar que caia no esquecemento. Non debemos mostrarnos indiferentes ante a dor dos demais. É unha lembranza do presente; aínda que sucedeu o 11 de marzo do 2004, a pegada está marcada no camiño e tatuada nos sentimentos das vítimas, das familias e da sociedade ao completo.

Loitemos por respirar esperanza e mirar a un futuro no que a violencia sen xustificación non sexa parte da nosa sociedade; no que nós sexamos donos das nosas vidas e respectuosos da dos demais. Lembremos as vítimas e non nos esquezamos de condenar esa inxusta violencia; condenémola dende a solidariedade cos afectados, sen deixar que caia no esquecemento, e mirando sempre cara a diante sen deixarnos levar polo medo que algúns pretenden implantar nas vidas de cidadáns e cidadás.

Dende o Colexio de Educadores Sociais de Galicia, o noso máis sincero respecto, recordo e solidariedade coas vítimas do terrorismo.



# IV



# congreso estatal do educador social

Políticas socioeducativas  
"RETOS E PROPOSTAS  
NO SECULO XXI"

Santiago de Compostela  
Pazo de Congresos de Galicia

do 30 setembro  
ó 2 de outubro de **2004**

organiza:



Colexio de Educadores  
Sociais de Galicia

coorganiza:



ASEDES  
Asociación Estatal

2 0 0 4   a n o   x a c o b e o